

PROCEDIMENTO E PRAZOS PARA EXERCER O VOTO POR CORREO

1. Únicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Assembleia Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do dereito ó voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.

3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á Xunta Electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará o ANEXO II do Regulamento Electoral. Diariamente a Xunta Electoral remitirá electrónicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.

b) **A solicitude presentarase persoalmente**, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Actividades Subacuáticas, na sede federativa en R/ Gutenberg Nº 32 C Bajo Pol. Ind. A Grela 15008 La Coruña, e que deberá trasladala solicitude á Xunta Electoral.

c) Recibida a solicitude, a Xunta Electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.

d) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarse ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.

e) A Xunta Electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, “de votación” e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.

f) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais.

g) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento e, no seu caso, especialidade á que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado.

Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina.

Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

5. O sobre que remitirá por correo á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos correspondentes según o indicado no Anexo II do Regulamento Electoral onde figuran os modelos de documentos do proceso electoral.

6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.